

Isabel-Clara Simó, Escritora Galega Universal 2018

Actualidade Maio 15, 2018



A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega ratificou Isabel-Clara Simó como Escritora Galega Universal 2018, desde o profundo respecto e afecto á súa persoa e a valoración da altísima calidade literaria da súa obra, así como por ter defendido e defender a lingua, a cultura e a dignidade nacional dos Países Catalans.

O Premio será entregado o día 19 de maio de 2018, no marco da **III Gala do Libro Galego**, que terá lugar no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

Nas anteriores edicións, recibiron este nomeamento as escritoras e escritores Mahmud Darwix, Pepetela, Nancy Morejón, Elena Poniatowska, Juan Gelman, Antonio Gamoneda, José Luis Sampedro, Lidia Jorge, Bernardo Atxaga, Luiz Ruffato, Pere Gimferrer e Hélia Correia.

Con motivo da súa estada, terá lugar un encontro cos medios de comunicación a sexta feira, venres, 18 de maio, a partir das 12:30 horas, na Librería Lila de Lilith (Rúa Travesa, 7) de Santiago de Compostela. Posteriormente, ese mesmo día 18, ás 19:00 horas, manterá un coloquio aberto ao público en xeral na propia Librería, acompañada por Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELG.

Malia ser coñecida sobre todo como narradora, Simó é autora dunha obra dramática que goza de éxito entre a crítica e o público. Algunhas das súas obras dramáticas son *Dona i Catalunya*, *...I Nora obri la porta*, *Dones. Mite-les*, *Còmplices* –un monólogo sobre a violencia de xénero que dirixiu Pep Cortés– ou *La visita*, obra coa que gañou o Premi de Teatre Ciutat d'Alcoi.